



**GRUPO MUNICIPAL  
A POBRA DO CARAMIÑAL**

Xosé Manuel Casal Sabin, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa á retirada dos postes situados dentro das vías públicas

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Recentemente executouse a ampliación da pista que vai dende Roupión ata a Banda, unha vella demanda dos veciños e veciñas de Santa Cruz que foi recollida polo BNG como unha das actuacións a incorporar aos orzamentos municipais do 2016.

Unha vez rematada a obra compróbase que os postes do tendido eléctrico quedan dentro da vía, representando un obstáculo evidente para a circulación e un perigo para a seguridade viaria de vehículos e peóns. Polo que sería precisa a súa retirada fóra da vía.

Non é o único caso destas características que temos no noso concello. O BNG xa ten presentado iniciativas ao respecto referidas, por exemplo, a situacións parecidas após a dotacións de beirarrúas na estrada da Mirandela. Outros casos semellantes existen en máis vías do concello. En todos eles o perigo é evidente, mais tamén a prepotencia e a desidia das compañías eléctricas que mentres espolian as persoas consumidoras non realizan o mantemento nin as obras necesarias no tendido para garantir a seguridade ao tempo que fan un uso fraudulento do terreo público para fins privados. E esta situación non é nova, pois hai postes que levan décadas ocupando as calzadas das vías públicas.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **A C O R D O**

- 1.- O goberno municipal desenvolverá todas as actuacións precisas para lograr a retirada das vías públicas do noso concello dos postes de distribución de electricidade ou outros de natureza semellante.**
- 2.- Mentres isto non suceda, sinalizará de forma adecuada os postes situados dentro das vías públicas para evitar situacións de perigo garantindo a seguridade viaria.**

A Pobra do Caramiñal, 16 de abril de 2017.

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabin,  
Concelleiro do G. M. do BNG-AA



**CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL**

**17 ABR. 2017**

Entrada nº:.....1668

Saída nº:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.